

AQUÍ TAMÉN SE FALA

IES PLURILINGÜE RAFAEL DIESTE



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

1 Título do proxecto

Aquí tamén se fala

2 Introducción

No pasado curso escolar, o IES Plurilingüe Rafael Dieste da Coruña, a través do Departamento de Normalización Lingüística que coordina Arcadio González Nóvoa e baixo o liderado do profesor de galego Alberto Pombo, levou a cabo dúas importantes actividades de normalización e dinamización da lingua galega: *Aquí tamén se fala galego* e *A banda sonora do curso 22/23*. Ámbalas dúas tiveron un grande éxito entre o alumnado participante e a comunidade educativa, así como un tremendo impacto en redes sociais e medios de comunicación. A primeira consistiu na colocación de carteis co lema “Aquí tamén se fala galego” en locais e negocios dos distintos barrios da cidade da Coruña e a segunda na creación de carteis e unha lista de cancións na plataforma Spotify de artistas galegos.

Neste curso 2023/2024, o Departamento de Normalización Lingüística, xunto co Departamento de Lingua Galega e Literatura e Radiofiestra, a radio escolar do instituto que participa no programa Radio na Biblio de Bibliotecas Escolares, quere crear un novo proxecto que dea un paso máis no traballo iniciado o curso pasado. Por iso, nunha sorte de fusión das dúas actividades mencionadas, preséntase a idea xerminal de *Aquí tamén se fala*, que terá tres eixos chave:

- i. **Ampliación da campaña *Aquí tamén se fala galego* para chegar a locais e institucións de todo o país.**
- ii. **Creación da web aquitamensefala.com e dos perfís en redes da iniciativa ([Youtube](#), [TikTok](#), [Spotify](#) e [Instagram](#)).**
- iii. **Produción de gravacións de actuacións e entrevistas con artistas que usen o galego nas súas creacións.**
- iv. **Organización do festival de música *#AquíTaménSeFala*.**

2.1 Contexto. Análise da situación sociolingüística do centro

O IES Plurilingüe Rafael Dieste está situado na denominada Cidade Escolar, barrio mixto segundo a administración municipal, e conta con alumnado procedente de diferentes zonas: Agra do Orzán, Os Mariñeiros, Peruleiro, Labañou, Fontán etc., así como do Portiño, que dispón de transporte escolar. O alumnado do centro procede de 30 países diferentes e aquí fálanse linguas tan dispares como árabe, francés, wolof, inglés, xaponés, galés ou guaraní. No curso escolar 2023/2024, 179 estudantes —o 30% do alumnado do centro— son de procedencia estranxeira. Esta diversidade é unha

oportunidade para a práctica docente e conforma un espazo propicio para o intercambio de experiencias individuais e colectivas.

2.2 Xustificación do proxecto

A lingua de uso maioritario entre o alumnado no instituto é o castelán, se ben en moitos casos outras linguas, entre elas o galego, son as que o alumnado fala na súa casa. Para fomentar o uso da lingua galega neste entorno plurilingüe estruturado arredor do castelán foi preciso, en palabras de Alberto Pombo, profesor de galego no centro e creador do proxecto no curso 22/23, “deseñar unha experiencia de dinamización total. Non apenas entre o alumnado, mais entre as familias e a propia contorna”. A acción debía, a un tempo, loitar contra a situación do galego como lingua minorizada e aproveitar a potencialidade de centos de falantes. O alumnado decidiu actuar sobre os negocios da contorna, lugares de comunicación da veciñanza.

3 Obxectivos deseñados en función das necesidades detectadas nos diferentes ámbitos de actuación

3.1 Obxectivos a curto prazo

- Fomentar o uso da lingua galega entre a comunidade educativa do centro, especialmente entre o alumnado, o profesorado e as familias.
- Consolidar a relación entre o alumnado e a contorna a través do uso da lingua galega.
- Favorecer que o alumnado identifique a lingua galega coa realidade urbana, contemporánea e cosmopolita da Coruña e a Galicia do século XXI.
- Tecer unha rede de colaboración entre o EDLG do centro e outras institucións e organismos da administración pública e o sector privado.
- Situar o EDLG do centro como unha referencia da dinamización lingüística no eido das redes sociais.

3.2 Obxectivos a longo prazo

- Consolidar a acción *Aquí tamén se fala galego* como un recurso didáctico e de dinamización lingüística a disposición de todos os centros de ensino do país.
- Consolidar no EDLG do centro unha liña de traballo no eido da comunicación audiovisual en lingua galega.
- Establecer dinámicas de traballo coordinado entre profesorado e alumnado para a xestión das actividades do EDLG.
- Situar a lingua galega como lingua de prestixio entre o alumnado do centro.

- Consolidar o festival de música en galego Aquí tamén se fala como unha referencia para o barrio, a cidade e o sector musical e cultural de todo o país.

4 Actividades de dinamización da lingua galega propostas para acadar os obxectivos

4.1 Propostas estratéxicas de actuacións a curto prazo

- Consolidación e ampliación do EDLG coa incorporación de novo profesorado e alumnado neste curso 2023/2024.
- Creación, dentro do plan de formación do profesorado do centro, dun grupo de traballo para o apoderamento do alumnado na dinamización da lingua galega.
- Organización dun obradoiro de gravación de son para o alumnado do EDLG.
- Organización dun obradoiro de gravación de vídeo para o alumnado do EDLG.
- Programación, en colaboración cos departamentos de Filosofía, Xeografía e Historia e Lingua Galega e Literatura, da actividade curricular *Aquí tamén se fala galego* nos diferentes grupos e niveis.
- Ampliación da campaña de dinamización *Aquí tamén se fala galego* a outros centros educativos do país.
- Creación dos perfís en Instagram, TikTok e Youtube da iniciativa *Aquí tamén se fala*.
- Creación da páxina web aquitamensefala.com

4.2 Propostas estratéxicas de actuacións a longo prazo

- Organización e produción, por parte do alumnado, de gravacións audiovisuais, actuacións e entrevistas, con artistas que usen o galego nas súas creacións.
- Colocación, por parte do alumnado do centro, de cerca de 1 500 carteis co lema “Aquí tamén se fala galego” en negocios e locais da cidade.
- Coordinación dos centros de ensino participantes na campaña de dinamización *Aquí tamén se fala galego*.
- Deseño e elaboración dos materiais gráficos para a iniciativa *Aquí tamén se fala*.
- Contacto con diferentes referentes para que mostren o seu apoio á iniciativa *Aquí tamén se fala* mediante saúdos na forma de vídeos curtos que permitan a súa difusión en redes sociais.
- Contacto cos principais clubs deportivos profesionais do país para que apoiem a iniciativa e inicien colaboracións cos centros educativos da contorna.
- Difusión da iniciativa nos medios de comunicación.

- Contacto coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña para buscar o seu apoio á iniciativa e á organización do festival Aquí tamén se fala.

5 Organización, desenvolvemento e metodoloxía

A metodoloxía do proxecto segue as liñas marcadas na lexislación vixente e constitúese como un proxecto significativo para o alumnado, no que este resolve problemas de xeito colaborativo, refórzase a súa autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

A diversidade do alumnado do centro, así como a súa situación nun barrio obreiro dunha cidade como A Coruña, permite que as accións de normalización e dinamización lingüística teñan un efecto directo sobre a contorna, as familias e o propio alumnado. Deste xeito, o alumnado e o profesorado pode avaliar a validez da metodoloxía didáctica a medida que esta se aplica.

O proxecto está organizado en catro seccións, que se desenvolven en parte individualmente, pero que acaban vinculándose entre elas:

i. **Ampliación da campaña *Aquí tamén se fala galego***

Despois do éxito da campaña do curso pasado e do interese doutros centros da contorna por participar nela, o profesorado do EDLG lanzou unha convocatoria por diferentes medios dixitais e a resposta foi masiva. Hoxe, a campaña xa conta con 200 centros participantes, o que implica uns 25 000 estudantes participando de forma activa e sobre 50 000 espazos dinamizados no que xa é a maior campaña de dinamización lingüística da historia do país liderada pola mocidade. A campaña implica o deseño dun cartel específico para cada centro educativo, no que o seu lema destaca sobre un fondo de cor común para todos os centros dun mesmo concello. Os centros poden descargar o cartel da web da iniciativa (aquitamensefala.com). Cada centro comprométese a colocar 100 carteis. Xa hai lugares como Viveiro no que se colocaron 400.

O profesorado do EDLG é o encargado de coordinar os centros participantes para explicarlles en que consiste a campaña, para o que se crearon materiais didácticos para o profesorado e o alumnado. A coordinación tamén implica a resolución de dúbidas, a guía durante o proceso e a recepción das fotografías dos centros.

Por outra parte, o EDLG estableceu contactos cos principais clubs deportivos profesionais do país para que se sumen á iniciativa. Neste momento cóntase co apoio do RC Deportivo da Coruña, o Racing de Ferrol, o CD Lugo, o Celta de Vigo, o Obradoiro, o Breogán, o Balonmán Cangas, o Voleibol Emevé e o Hockey

Liceo. A participación dos clubs baséase na creación de contidos para redes sociais, como por exemplo vídeos, pero tamén nas visitas a algúns dos centros educativos, sobre todo aqueles da contorna do club, o que acostuma ser un elemento moi motivador para o alumnado. Tamén se traballa cos clubs para que dediquen un partido á iniciativa, con convites para o alumnado e a visita dun grupo reducido, preferentemente o alumnado do EDLG, á rolda de prensa e zona mixta para que coñezan eses espazos e actividades profesionais. O EDLG grava recursos audiovisuais desas visitas para despois montar pequenas pezas-resumo que se difunden nas redes sociais.

Por último, dentro da Semana Cultural do centro, farase unha exposición na que a imaxe do *Aquí tamén se fala galego* se adaptará ás máis de 30 linguas diferentes que se falan no centro, pois contamos con 179 estudantes que proceden de 30 estados soberanos distintos. Así, haberá carteis nos que se diga, en cada lingua correspondente, *Aquí tamén se fala wolof / ruso / galés / etc.*

- ii. **Creación da web aquitamensefala.com e do perfil [@aquitamensefala](https://www.instagram.com/aquitamensefala)** en redes sociais. A estratexia de comunicación da iniciativa organízase a partir do traballo na web e en redes sociais ([Instagram](https://www.instagram.com), [TikTok](https://www.tiktok.com), [Spotify](https://www.spotify.com) e [Youtube](https://www.youtube.com)), onde o EDLG coordina a creación e recepción de contidos.

O EDLG vai elaborando pequenas pezas audiovisuais que resumen cada acción, como por exemplo cortes das entrevistas na Radio Galega ou na Cadena SER, a visita ao CEIP de Prácticas, a xornada de portas abertas do centro, a visita ao campo do RC Deportivo e a asistencia á rolda de prensa e zona mixta posterior. Tamén, o EDLG busca contactar con personalidades de recoñecido prestixio para que envíen vídeos breves cun saúdo no que mostren o seu apoio á campaña. O primeiro foi o actor estadounidense nomeado aos premios Óscar Viggo Mortensen e, tras el, moitos máis. Esta acción tivo un grande éxito e varios centros que participan no programa replicárona e publicaron saúdos doutros referentes.

A páxina web e as redes sociais son o lugar de difusión das gravacións audiovisuais que o alumnado do EDLG fai de artistas que usen o galego nas súas creacións. Xa se publicaron as actuacións de Lucía Aldao e Ataque Escampe, así como a entrevista con Sés. E no perfil de Spotify, o alumnado do EDLG vai creando listas de reprodución de cancións en galego.

Por último, tanto a web como as redes sociais serán o marco de difusión das fotografías que o alumnado de todos os centros participantes faga dos carteis colocados nos negocios que sexan obxecto da campaña de dinamización lingüística *Aquí tamén se fala galego*.

iii. **Producción de gravacións de pezas audiovisuais**

Co obxectivo de que o alumnado sexa autónomo da produción, gravación e edición de pezas audiovisuais, organizáronse dous obradoiros, un de son con Tomás Ageitos e outro de vídeo con Alberto Castaño. Nestas sesións, o alumnado aprendeu as técnicas básicas de gravación e edición nos programas Logic e Premiere Pro. O alumnado tamén recibe formación por parte do profesorado do EDLG para os labores de produción, nos que se encargan de contactar cos artistas, pactar os horarios e preparar o espazo para a gravación. Nese sentido, as gravacións fanse no instituto, pero tamén noutros espazos. Así, por exemplo, a actuación de Lucía Aldao e a entrevista con Sés graváronse no instituto, no salón de actos e no patio interior, respectivamente, pero a actuación de Ataque Escampe gravouse no campo da Leña e agora están proxectadas dúas gravacións con César Morán e Xabier Díaz na Escola de Náutica.

Durante todo este curso estase traballando na creación dunha aula de audiovisuais que o alumnado poida ter como referencia para este tipo de traballo e que se converta nun espazo didáctico de referencia no centro. O EDLG está traballando para acondicionala mediante a colocación de moqueta, pintado de paredes, organización de materiais etc.

iv. **Organización do festival de música Aquí tamén se fala.**

Como ramo a todas as actividades vinculadas a este proxecto, celebrarase un festival de música o día 7 de xuño de 2024 na praza da Tolerancia. Para a súa organización, contarase coa participación das tres principais administracións públicas: a Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña.

O profesorado do EDLG realizou xa varias reunións coas diferentes administracións públicas e o día 4 de marzo celebrarase unha xuntanza, convocada pola SXPL, á que asistirán os representantes de todas as administracións antes mencionadas, así como da Xefatura Territorial de Educación.

Buscarase, tamén, a colaboración con empresas privadas que proporcionen recursos para a organización do festival, como pode ser o material de promoción, transporte etc.

O alumnado do EDLG terá un papel protagonista na organización do festival, dende a selección da programación, a elaboración de material de promoción, a montaxe do mobiliario dos camerinos, a recepción das bandas, a realización de actividades de dinamización durante o evento ou a elaboración de materiais audiovisuais que resuman a xornada. Tamén, algúns dos estudantes do EDLG

serán os que conduzan o festival, facendo intervencións dende o escenario para lle comunicar ao público o discorrer da programación e calquera outra información relevante.

6 Xestión e calendario

Setembro	– Creación da proposta e presentación ao claustro do instituto – Presentación da proposta á Coordinación Provincial dos EDLG – Presentación da proposta ao Gabinete de Normalización Lingüística do Concello da Coruña – Presentación da proposta á sección de lingua da Deputación da Coruña – Presentación da proposta a outros centros educativos da cidade – Creación do proxecto para a súa presentación aos Proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística 23/24
Outubro	– Taller de gravación e edición audiovisual co alumnado do EDLG – Creación da imaxe gráfica do proxecto – Creación dos perfís de redes @aquítaménsefala (Instagram, TikTok e Youtube) – Creación do sitio web aquitamensefala.com – Deseño do reparto de actividades por niveis educativos
Novembro	– Solicitud de reunións coa Coordinación Provincial dos EDLG, a sección de lingua da Deputación da Coruña e co Gabinete de Normalización Lingüística do Concello da Coruña para a presentación do proxecto – Solicitud de reunións cos EDLG doutros centros educativos interesados en participar na campaña <i>Aquí tamén se fala galego</i>
Decembro	– Difusión en Instagram das fotografías dos centros participantes – Contactos coas propostas artísticas en lingua galega para a súa participación na canle @aquítaménsefala – Gravación coa artista Lucía Aldao – Reunión coa Secretaría Xeral de Política Lingüística – Reunións co RC Deportivo da Coruña e co Racing de Ferrol – Contacto con artistas galegos para que mostren o seu apoio á iniciativa: Familia Caamagno, Ataque Escampe e Malandrómeda

	– Valoración das accións desenvolvidas ata o momento
Xaneiro	– Reunión coa sección de lingua da Deputación da Coruña – Reunión coa Concellería de Fomento e Promoción da Cidade da Coruña – Reunión co CD Lugo e contacto co RC Celta de Vigo – Reunión coa Asociación veciñal de Labañou, San Roque de Fóra e Os Rosais – Difusión en Instagram das fotografías dos centros participantes – Taller de gravación e edición audiovisual co alumnado do EDLG – Gravación da entrevista con Sés – Gravación con Ataque Escampe no campo da Leña da Coruña – Deseño de produción do festival Aquí tamén se fala – Reparto do primeiro lote de carteis para a súa colocación en locais da cidade – Referentes: Viggo Mortensen, James Rohdes, Tanxugueiras e María Vázquez – Anuncio do apoio á campaña dos catro clubs galegos de fútbol máis importantes: Dépor, Racing, Lugo e Celta – Difusión do vídeo de apoio en redes do RC Deportivo da Coruña
Febreiro	– Difusión do vídeo de apoio en redes do RC Celta de Vigo – Convite do RC Deportivo da Coruña a 100 estudantes do IES Rafael Dieste ao partido co Fuenlabrada e ao alumnado do EDLG a asistir á rolda de prensa posterior na zona mixta. – Entrevista en directo no <i>Galicia por diante</i> da Radio Galega a unha representación de estudantes do EDLG. Posterior visita guiada ás instalacións da CRTVG. – Referentes: Pablo Meixe, Tamar Novas, Eduardo Sáenz de Cabezón, Camané e Abraham Cupeiro – Visita do alumnado do EDLG ao CEIP de Prácticas para a presentación da campaña. – A aula hospitalaria do CHUAC súmase á campaña <i>Aquí tamén se fala galego</i> – Difusión en redes do vídeo de apoio do Racing de Ferrol – Difusión en redes do vídeo de apoio do CD Lugo

	– Entrevista en directo na Cadena SER a unha representación de estudantes do EDLG. – Reunión coa Escola Superior de Náutica e Máquinas da UDC – Organización da sección do EDLG na xornada de portas abertas do IES Rafael Dieste. – Difusión en Instagram das fotografías dos centros participantes – Reparto do segundo lote de carteis para a súa colocación en locais da cidade – Contacto cos proxectos que se queiran contratar para actuar no festival Aquí tamén se fala
Marzo	– Reunión no Edificio Administrativo Monelos coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña para a organización do festival Aquí tamén se fala, que se celebrará o 7 de xuño na praza da Tolerancia. – Reparto do terceiro lote de carteis para a súa colocación en locais da cidade – Difusión en redes do vídeo de apoio do Balonmán Cangas – Difusión en Instagram das fotografías dos centros participantes – Referentes: Amaia, Joao Afonso, Nacho Vegas – Taller de gravación e edición audiovisual co alumnado do Equipo de Dinamización de Lingua Galega – Gravación co artista César Morán na Escola Superior de Náutica e Máquinas – Colaboración co Obradoiro e o Breogán para dedicar o derbi galego da ACB á iniciativa <i>Aquí tamén se fala galego</i> – Gravación cos artistas Salvador Sobral e Abe Rábade – Gravación con The Rapants – Reunión con empresas que poidan colaborar co festival Aquí tamén se fala
Abril	– Difusión en Instagram das fotografías dos centros participantes – Gravación co artista O Leo de Matamá – Producción do festival Aquí tamén se fala
Maio	– Gravación do artista Zambujo no veleiro da Escola Superior de Náutica e Máquinas durante un paseo pola ría da Coruña

	– Gravación da banda Moura – Gravación da artista Lucía Aldao e a súa banda – Produción do festival Aquí tamén se fala
Xuño	– Celebración do festival #aquítaménsefala – Avaliación final do proxecto

7 Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto

7.1 Profesorado participante. Funcións e tarefas de cada unha das persoas implicadas

Arcadio González Nóvoa – profesor de Filosofía:

- Coordinador do EDLG
- Coordinador das colaboracións coas administracións públicas: Secretaría Xeral de Política Lingüística, Deputación da Coruña e Concello da Coruña
- Coordinador dos obradoiros de gravacións audiovisuais do EDLG
- Coordinador das gravacións audiovisuais do EDLG
- Coordinador da campaña *Aquí tamén se fala galego* cos centros participantes

Alberto Pombo Añón – profesor de Lingua e Literatura Galega:

- Creador do lema “Aquí tamén se fala galego”
- Creador da imaxe gráfica da iniciativa
- Creador e programador da web aquitamensefala.com
- Coordinador das colaboracións externas: clubs deportivos, persoas referentes de prestixio etc.
- Montador das pezas-resumo audiovisuais das accións do EDLG
- Coordinador da campaña *Aquí tamén se fala galego* cos centros participantes

Mónica Reigía Blanco – profesora de Física e Química:

- Coordinadora da organización da colaboración cos centros educativos
- Coordinadora da campaña *Aquí tamén se fala galego* cos centros participantes

Rubén Melide – profesor de Xeografía e Historia:

- Coordinador da campaña *Aquí tamén se fala galego* cos centros participantes
- Coordinador da exposición Aquí tamén se fala wolof / ruso / árabe /...

Andrea Trasancos Pantín – profesora de Física e Química:

- Coordinadora da campaña *Aquí tamén se fala galego* cos centros participantes

7.2. Alumnado participante (curso, nivel, número)

CURSO/NIVEL	NÚMERO DE ESTUDANTES
2º ESO	3
3º ESO	8
4º ESO	4
1º BACH	7
2º BACH	12
TOTAL	34

7.3 Outros membros da comunidade educativa

O persoal de administración e servizos sumouse á campaña dun xeito activo colocando carteis nos espazos de administración e conserxería, así como nos carros de limpeza.

A implicación das familias do alumnado do EDLG está sendo moi importante, tanto no apoio ás diferentes accións do equipo como na difusión ilusionada dos contidos que se comparten en redes sociais.

8 Recursos materiais para o desenvolvemento do proxecto

- Recursos para a coordinación: teléfonos móbiles, ordenadores, conexión a internet, programa Microsoft Excell, Google Drive, aplicación WhatsApp
- Recursos para o deseño gráfico: ordenador Macbook Pro, programa Photoshop, aplicación Canva
- Recursos para a campaña de cartelería *Aquí tamén se fala galego*: servizo de reprografía, papel, cinta adhesiva
- Recursos para as gravacións audiovisuais: ordenador Macbook Pro, tarxeta de son SSL2, teléfonos móbiles, cámara de foto/vídeo Panasonic, trípodes, micrófonos SHURE, cables canon e jack, DI, pés de micro, lámpadas e paraugas de iluminación, programa de gravación de audio Logic Pro, programa de edición de vídeo Premiere Pro.
- Recursos para a difusión en redes: teléfonos móbiles, conexión a internet, programa Microsoft Word, aplicación CapCut, aplicación ClipChamp, aplicacións Instagram, TikTok e Youtube
- Recursos para as reunións coas administracións públicas e as entidades externas: automóbiles particulares

9 Orzamento. Xustificación e desagregación

- Campaña *Aquí tamén se fala galego*

CONCEPTO	ORZAMENTO
Carteis <i>Aquí tamén se fala galego</i>	600
Carteis <i>Aquí tamén se fala wolof / ruso /...</i>	120
Exposición Memoria Histórica	300

- Gravacións audiovisuais

CONCEPTO	ORZAMENTO
Subscripción Logic Pro e Premiere Pro	480
Ordenador Macbook	2.000
Cámara foto/vídeo + óptica (olympus/panasonic)	2.200
Tarxeta de son Foscure	600
Material de iluminación	600
Fundas cámara e ordenador	200
Tarxetas sd xc scandisk	100
Obradoiro son 10 horas	650
Obradoiro vídeo 10 horas	650

- Festival *Aquí tamén se fala*

CONCEPTO	ORZAMENTO
Escenario e Backline (+)	3.000
Luz e son (+)	6.000
Aseos	1.700
Seguridade e control de aforos	4.000
Plan de prevención	900
Valos	0*
Extra de limpeza	400
Materiais varios (acreditacións, follas de ruta etc.)	300
Bandas/programación (+)	20.000
Produción de materiais de promo	0**
Traseira de escenario	1000
Estrutura de entrada	1000
2 jaimas	800
Catering (+)	200
Outras condicións das bandas (hoteis, transfers etc.) (+)	600
Produción Correveydile	2.500
8,5 % SGAE (+)	2.533

(+) Gastos suxeitos ao gravame da SGAE

*Utilizaríanse os valos do concello

**A imprenta da Deputación da Coruña faríase cargo

10 Colaboracións con institucións, entidades, asociacións ou empresas

- 198 centros educativos de todo o país na campaña *Aquí tamén se fala galego*. Pódese ver a listaxe no sitio web aquitamensefala.com

- Os clubs deportivos RC Deportivo da Coruña, Racing de Ferrol, CD Lugo, Celta de Vigo, Balonmán Cangas, Volleyball Emevé, Obradoiro CAB, CB Breogán, Hockey Liceo
- Asociación veciñal de Labañou, San Roque e Os Rosais
- Escola Superior de Náutica e Máquinas da UDC
- A empresa Leite Noso SL, propietaria da marca Deleite, podería colaborar nalgunha gravación do EDLG e na organización do festival Aquí tamén se fala
- A Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña na organización do festival Aquí tamén se fala
- Hotel Brisa, Estación de Servicio Repsol Os Rosais, Fiatega Motor poderían colaborar na organización do festival Aquí tamén se fala

11 Medidas de difusión do proxecto

11.1 Accións, canles ou vías, medios e formatos

ACCIÓN	CANLE/VÍA	MEDIO/FORMATO
Colocación carteis <i>Aquí tamén se fala galego</i>	Visita porta por porta de miles de negocios por parte do alumnado dos centros participantes	Físico: carteis impresos
Difusión das gravacións do EDLG	Redes sociais	Dixital: material audiovisual
Entrevistas en medios de comunicación	Visita do alumnado aos estudos de gravación ou visita dos xornalistas ao centro	Físico e dixital: prensa escrita, radio, redes sociais, webs dos medios de comunicación
Difusión dos vídeos de apoio dos clubs deportivos	Redes sociais	Dixital: material audiovisual
Difusión dos vídeos de apoio de personalidades referentes de prestixio	Redes sociais	Dixital: material audiovisual
Visita a centros educativos para que o alumnado do EDLG presente o proxecto	Visita do alumnado	Físico: presentación do proxecto presencialmente. Dixital: vídeos-resumo

Todas as accións están tamén recollidas na web do proxecto: aquitamensefala.com

11.2 Alcance (no centro: entre o alumnado e entre o resto da comunidade educativa; na contorna e/ou noutros espazos)

No centro

O alcance da campaña no centro é total, pois participa todo o alumnado do instituto, 551 estudantes. Tamén o alumnado do EDLG conseguiu que todos os grupos de todos os niveis do centro pendurasen un cartel do *Aquí tamén se fala galego* na porta da aula. Así mesmo, un número significativo de docentes puxo un cartel no seu estante da sala de profesorado. O equipo directivo tamén colocou carteis nas portas dos despachos e o persoal de administración fixo o mesmo na súa estancia, así como a conserxería. As limpadoras do centro levan adhesivos do *Aquí tamén se fala galego* nos seus carros da limpeza.

Os estudantes que forman parte do EDLG e que participan nas gravacións, entrevistas e accións de comunicación máis visibles, aquelas que se difunden en redes sociais, son xa referentes non soamente para o resto dos estudantes do centro, senón tamén para os estudantes dos 198 centros participantes na campaña. Tamén, o alumnado do EDLG sente o orgullo das súas familias, moitas delas migrantes, que non teñen o galego como lingua familiar, pero que ven como as súas fillas e fillos falan en galego e dan entrevistas para medios de comunicación de primeiro nivel.

Na contorna

O impacto na contorna é evidente, pois soamente o noso centro vai colocar máis de 1 500 carteis en 1 500 negocios diferentes. O mesmo farán os outros 14 centros da cidade da Coruña e os 192 do resto do país. Calculamos que, se cada centro cumpre co compromiso de colocar 100 carteis, facilmente se pode chegar aos 20 000, pero xa sabemos que moitos centros superan esa cifra, polo que calculamos que se poden chegar a colocar 50 000 carteis en todo o país.

A isto hai que lle sumar o impacto da colaboración dos clubs deportivos. O día que o RC Deportivo lle dedicou o partido á iniciativa, había máis de 20 000 persoas no estadio. Isto mesmo sucederá cos partidos que nos dediquen o resto dos equipos. Será moi relevante no caso do derbi galego da ACB entre o Obradoiro e o Breogán, pois ao público presente hai que lle sumar todas as persoas que o vexan por televisión, xa que a imaxe da iniciativa será retransmitida polo sinal televisivo.

Nos medios de comunicación

O proxecto tivo [repercusión en medios de comunicación](#) de todo tipo, como por exemplo: TVE, Antena 3, La Sexta, TVG, *El País*, *El Mundo*, *Público*, *El Español*, *La Voz de Galicia*, *La*

Opinión. El Ideal Gallego etc. Practicamente todos os medios de comunicación xeneralistas do Estado sacaron algunha noticia sobre o *Aquí tamén se fala*. Incluso recolleron a iniciativa medios internacionais como *La Nación* (Arxentina) ou *Público* (Portugal).

Así mesmo, o alumnado e profesorado do EDLG deu entrevistas en diferentes medios como Telecinco, *El País*, Cadena SER, Radio Galega, *Nós Diario* etc.

Por outra parte, moitos dos centros educativos que participan na campaña tamén conseguiron ter repercusión en medios de comunicación locais e nacionais.

Nas redes sociais

En redes sociais, onde se comparte todo o material audiovisual elaborado polo EDLG e os apoios dos clubs deportivos e dos referentes, os números falan xa por si mesmos. Dende o 1 de decembro, día da publicación da gravación con Lucía Aldao, polo tanto en 12 semanas, os datos son os seguintes:

- [Instagram](#)
 - 4 477 seguidores (e subindo hoxe en día)
 - Vídeo con máis reproducións: 307 000 reproducións
 - Publicación con máis likes: 11 900 likes
 - Publicación con máis comentarios: 335 comentarios
 - Publicación máis reenviada: 1 348 reenvíos
- [TikTok](#)
 - 1 605 seguidores
 - 35 000 likes
 - Vídeo con máis reproducións: 297 900 reproducións
 - Publicación con máis likes: 28 400 likes
 - Publicación con máis comentarios: 834 comentarios
 - Publicación máis gardada: gardada 1 883 veces

En total, nas nosas redes sociais hai máis de 4 millóns de reproducións e máis de 6 000 seguidores. Tamén hai que ter en conta as reproducións dos vídeos inseridos en [medios](#) de gran alcance como *El Mundo*, *El Español*, La Sexta, Telecinco etc., que poden acumular decenas de millóns de reproducións.

12 Plan de avaliación

A avaliación do proxecto consistirá, en primeiro lugar, en comprobar a realización das tarefas consignadas na temporalización, así como o seu grao de cumprimento. Por outra parte, o proxecto ten a pretensión de ser un elemento de dinamización e normalización do uso da lingua galega no centro educativo, polo que outra parte da avaliación irá dirixida a comprobar

en que medida se conseguiu este obxectivo. Para isto, o EDLG partirá das enquisas sociolingüísticas realizadas o curso pasado. A medida que avance o curso e se vaia realizando o proxecto, o equipo comprobará —mediante novas enquisas, observación directa e/ou entrevistas persoais— cal é a evolución do uso da lingua galega no instituto.

A avaliación do proxecto en si mesmo terá un carácter holístico e será realizado polo profesorado implicado, que se reúne mensualmente para valorar a realización do plan de traballo. Tamén, nunha reunión final, o equipo avaliará a consecución dos obxectivos e os procedementos empregados para conseguilos.

12.1 Criterios e indicadores para a avaliación

- Consegui que o alumnado perciba a lingua e a cultura galegas como realidades actuais e cheas de posibilidades. Aumentar nun 10 % a participación do alumnado nas actividades do Equipo de dinamización da lingua galega. Aumentar nun 10 % o alumnado que se declara galegofalante nas enquisas sociolingüísticas do Departamento de Normalización Lingüística.
- Consolidar e aumentar o vínculo lingüístico en galego entre o alumnado e a súa contorna. Aumentar un 50 % o número de negocios aos que se chega coa campaña *Aquí tamén se fala galego*
- Mostrar as posibilidades comunicativas do galego na rede. Crear e dotar de contido semanalmente os perfís de redes sociais de @aquítaménsefala e o cancelo #aquítaménsefala
- Asumir unha perspectiva inclusiva e fomentar a presenza de colectivos minorizados nas publicacións en redes.
- Consegui que todo o alumnado do centro participe, segundo as súas posibilidades e nivel educativo, na organización do festival #aquítaménsefala. Recompilación de tarefas de todos os niveis para a organización do festival (carteis, contacto cos artistas, entrevistas, gravacións de vídeos de promoción, difusión a través de redes e de *podcast* etc.)

12.2 Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa

A lingua galega supón, grazas á campaña, unha oportunidade para a integración dunha comunidade educativa diversa, con cotas do 35 % do alumnado procedente doutros países. A campaña estimulou o uso da lingua galega entre iguais —como testemuña algún dos vídeos que subimos ás redes sociais (@aquítamensefala)— e actuou sobre as propias familias que o acolleron como unha oportunidade de integración total, abrazando unha cultura e unha maneira de entender o mundo e rompendo a barreira cultural que os marcaba como estranxeiros. Ao tempo, o EDLG rexistrou máximos históricos de participación con máis de 30

rapaces colaborando activamente en actos e reunións e mesmo lista de espera para se adherir a el.

Este proxecto supuxo que o galego sexa percibido polo alumnado do centro como unha lingua vinculada a elementos urbanos, de vangarda cultural e modernidade. Isto significa unha ruptura con moitos dos prexuizados que levan anos manténdose dende determinados focos de difusión pseudocultural do país, nos que o galego se identifica cunha realidade ignorante, inculta e atrasada, que habitualmente se sitúa nun espazo rural inxustamente caracterizado.